

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 19 DE XUÑO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 19 de xuño de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo designada pola Xunta de Goberno local o 10 de xuño de 2019 para os expedientes 18.397-333, 18.645-333 e 7.922-335, convocada pola presidenta o 17 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidenta:** D^a. Susana Gallardo Fariña, secretaria de Administración municipal
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

5.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do arrendamento dun sistema completo de climatización para o pavillón central do complexo deportivo de Travesas (18.645-333)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable a través de fórmula) do único licitador presentado co seguinte resultado:

	Licitador	% a aplicar aos prezos unitarios consignados no PPT
1	TORRES SERVICIOS TÉCNICOS, S.L.	17%

Non asiste público á apertura.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, resultando correcta a documentación presentada polo licitador, polo que se admite neste procedemento.

En cumprimento do previsto na cláusula 16.3 do PCAP (*“As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:17	Páxina 1 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD4B-E4B6AA-D88HDD-VF98JR-TJ8B5K-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula”) a Mesa acorda, por unanimidade, outorgar a TORRES SERVICIOS TÉCNICOS, S.L. a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula.

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do arrendamento dun sistema completo de climatización para o pavillón central do complexo deportivo de Travesas (18.645-333)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do arrendamento dun sistema completo de climatización para o pavillón central do complexo deportivo de Travesas (18.645-333) na seguinte orde descendente:

Licitador	
1	TORRES SERVICIOS TÉCNICOS, S.L.

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TORRES SERVICIOS TÉCNICOS, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP), tendo en conta que non está inscrito nun Rexistro de Contratistas:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:25, logo dun receso de 01:15 horas para resolver problemas técnicos. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:17	Páxina 2 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD4B-E4B6AA-D88HDD-VF98JR-TJ8B5K-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		